

## A prosa entre 1936 e 1976: a narrativa e o ensaio

### 1 Introducción

A Guerra Civil supuxo un freo a calquera tipo de actividade cultural e literaria en galego. Ademais, o conflito tronizou a carreira literaria de moitos autores novos que tardarían en volver publicar.

Uns anos antes do comezo da década de 1950 comezan a xurdir proxectos editoriais para publicar obras en galego. Algunhas delas, como Benito Soto en Pontevedra e Xistral en Monforte, especialízanse na publicación de poesía; outras, como Monterrey e Galaxia, ambas en Vigo, darán maior protagonismo á narrativa.

A editorial Galaxia fundouse en 1950 como unha empresa dedicada á divulgación da cultura galega e centrada na recuperación do galego como lingua de expresión de calquera tipo de contidos culturais e literarios. Á cabeza da editorial estaban persoeiros relacionados antes da Guerra Civil coas xuventudes do Partido Galeguista e que deciden manter unha actitude de resistencia cultural fronte á presión uniformadora do franquismo: Ramón Piñeiro, Francisco Fernández del Riego, Xaime Isla Couto e Domingo García Sabell. A eles sumaranse destacados representantes da literatura galega que publicarán as súas obras na editorial, como Otero Pedrayo, Álvaro Cunqueiro e Ramón Cabanillas.

O chamado «grupo Galaxia» constituíuse en alicerce de todo o sistema cultural e literario galego. Continuaron o camiño de universalización da cultura galega iniciado polo Grupo Nós antes de 1936. Ademais, reivindicaron o galego como lingua válida para calquera materia: desde a literatura á antropoloxía, pasando pola economía, a filosofía, a xeografía, etc. Promoveron entón publicacións como *Grial* (revista de contidos científicos e culturais) e a *Revista de Economía de Galicia* e fomentaron a difusión de literatura de calidade afastada do costumismo e o pintoresquismo.

### 2 A narrativa da posguerra

#### 2.1 Correntes temáticas

Podemos distinguir as seguintes liñas na narrativa de posguerra: a narrativa continuadora do Grupo Nós, a narrativa realista e a narrativa fantástica.

- **Narrativa continuadora do Grupo Nós.** Nesta corrente inclúense as obras que seguen os temas desenvolvidos polos membros da Xeración Nós, especialmente o referente ao mundo da fidalguía. Deste xeito, incluímos neste grupo as obras do único inte-



Asemblea fundacional da Editorial Galaxia. Destacan, entre outros, Aquilino Iglesia Alvariño, Xaime Isla Couto, Xosé María Álvarez Blázquez, Emilio Álvarez Blázquez, Xesús Ferro Couselo, Ramón Otero Pedrayo, Manuel Gómez Román, Francisco Fernández del Riego, Manuel Beiras García, Manuel Filgueira Valverde.

grante desta xeración que continúa activo despois da guerra, **Ramón Otero Pedrayo**. O narrador ourensán publicará na posguerra o libro de relatos *Entre a vendima e a castañeira* (1957) e a novela *O señorito da Reboraina* (1960).

Intégrase nesta liña a primeira novela publicada en galego despois da Guerra Civil, *A xente da Barreira* (1950) de **Ricardo Carballo Calero**, historia dunha familia fidalga a través de sucesivas xeracións. Outros relatos escritos polo autor nesta época e con temas semellantes non serán recompilados ata os anos oitenta na súa *Narrativa completa* (1984).

- **Narrativa realista.** Neste tipo de narrativa destacan textos de carácter popular e costumista, construídos a miúdo sobre as técnicas do conto de tradición oral e nos que domina a ambientación rural e, en moitos casos, o interese etnográfico. O principal representante deste xeito de narrar é **Ánxel Fole**, pero tamén podemos mencionar a **Eliseo Alonso**, que nos seus *Contos do Miño* (1955) realiza un duro retrato das terras do Baixo Miño e das súas xentes, aínda que cuns xeitos de contar modernos e afastados do pintoresquismo costumista.

Outra vertente da narrativa realista constitúea o **realismo social**, máis comprometido coa denuncia da situación de Galicia na época. Nesta tendencia destacan **Eduardo Blanco Amor** e **Xosé Neira Vilas**.

Dentro da narrativa realista debemos engadir o incipiente subxénero das memorias de infancia. Podemos considerar a **Xosé Neira Vilas** como iniciador deste camiño con *Memorias dun neno labrego* (1962). **Marcial Suárez** publica en 1969 *O acomodador e outras narracións*, un feixe de relatos ambientados no seu Allariz natal, nos que destacan o humorismo e a caracterización dos personaxes.

- **Narrativa fantástica.** A narrativa que se centra nun mundo mítico e intemporal, dominado polo soño e o idealismo, ten ao seu principal cultivador en **Álvaro Cunqueiro**. No mesmo ano en que aparece *Merlín e familia*, publicará **Daniel Cortezón** *As covas do rei Cintolo* (1955), un conxunto de relatos ambientados no mundo artúrico medieval. Pero estes temas apenas foron cultivados na posguerra se exceptuamos estes dous casos e ata as décadas de 1970 e 1980 (con **Darío Xohán Cabana** e **Paco Martín**) non aparecerán continuadores desta corrente.

Hai moitos autores que definen esta narrativa como **realismo fantástico**, referíndose especialmente á escrita de Cunqueiro. O certo é que a narrativa deste autor procura sempre manter a verosimilitude proporcionando moitas referencias ao mundo real e coñecido polo lector; deste xeito, atopamos un grande número de datos xeográficos, descrições e topónimos que sitúan as accións nun contexto realista e recoñecible. Neste marco realista introdúcese o fantástico e o marabilloso nos personaxes e nas súas historias. Non en van Cunqueiro foi considerado como un precursor do que máis tarde se chamou **realismo máxico**.

## 2.2 Ánxel Fole

Naceu en Lugo en 1903 no seo dunha familia fidalga. Cursou estudos de Dereito e Filosofía e Letras en Valladolid e Santiago, pero non chegou a rematalos. Axiña comezou a colaborar en revistas de vangarda como *Yunque* e *Guión* e en xornais como *El Pueblo Gallego*. Na época da Segunda República participou activamente en política e chegou a ser secretario provincial do Partido Galeguista.

Fole comezou o seu percorrido literario escribindo poesía en castelán, se ben xa antes da Guerra Civil cultivou o relato curto en galego. Mesmo hai noticia dun libro de relatos titulado *Auga lizgaira* que estaba listo para ser publicado, mais o estoupido do conflito bélico fixo que se perdesse.



Ánxel Fole.



A Guerra Civil supuxo un trauma para Fole, de xeito que en 1941 decidiu recluírse en Quiroga, na montaña lucense, presa do temor ás represalias do bando franquista. A comezos da década de 1950 volveu a Lugo e uniuse ao proxecto cultural de Galaxia, editorial na que publicará as súas obras narrativas.

Ata a súa morte en 1986 continuou o seu labor literario e xornalístico, este sempre ligado ao xornal lugués *El Progreso*, no que foi responsable de varias seccións.

### Claves da narrativa de Fole

Ánxel Fole foi un dos principais cultivadores do conto no eido da literatura galega. No seu xeito de narrar podemos destacar as seguintes constantes:

- Reflexo da realidade galega. Toda a narrativa do autor é un intento de dar conta da realidade de Galicia centrándose especialmente na vida dura do mundo rural e na súa natureza agreste. Pero Fole quere ademais plasmar nas súas obras a visión do mundo, as crenzas e as supersticións do home galego. E neste eido é onde se sitúan as historias de aparecidos, de premonicións, de lendas (o urco, os olláparos...) que poboan o imaxinario popular galego.
- Recurso aos xeitos de contar propios da narración oral. Segundo o propio Fole declarou, o «conto contado» é o seu preferido. Está falando do conto para escoitar, propio da literatura popular; por iso, na súa prosa atopamos abundantes fórmulas apelativas que nos remiten a esta oralidade:

*«Non se rían de min si lles digo que fun testigo dun documento firmado na cima dun freixo, alá na terra de Amandi... Xa haberá uns vinte anos. Faguía dous ou tres meses que estaba de mestre aló...».*

Con esta influencia da oralidade debemos relacionar outra característica: a técnica de encaixe, tamén chamada de «bonecas rusas», que consiste en ir introducindo historias distintas da que dá inicio ao conto e outros narradores que as contan.

- Naturalismo lingüístico. Dentro da súa ansia por reflectir a realidade galega, Fole empregará un rexistro lingüístico que procura reproducir a lingua oral dos paisanos galegos sen fuxir dos vulgarismos e dialectalismos propios das zonas da montaña luguesa que retrata. Debido a este interese pola fala do pobo, mesmo atoparemos contos onde se reflecte a diglosia propia da nosa terra, dando entrada a intervencións en castelán.

## Obras

- *Á lus do candil* (1953) é o seu primeiro libro de narrativa. Está composto por catorce relatos e un prólogo («Terra do Courel») que establece o marco en que uns personaxes, incomunicados nunha vella torre debido a unha nevada, deciden poñerse a contar contos. Os temas destas historias céntranse nas crenzas populares sobre os lobos, os aparecidos, as premonicións de morte... Os temas trátanse en moitas ocasións de xeito humorístico, cun humor inxenuo e amable, que se pretende próximo á mentalidade do pobo.
- *Terra brava* (1955) parte do mesmo esquema estrutural ca a anterior. Comeza cun prólogo, titulado «Solaina», que nos sitúa desta vez nas terras do Incio. O narrador é un mozo chamado Gasparo, que acode a pasar unha tempada á casa dun tío seu que é médico rural. É este mozo quen transcribe o «parladioiro» entre o tío e tres convidados, no que se fala fundamentalmente das características definitorias de Galicia. Ao final do longo prólogo, Gasparo atopa un manuscrito onde figuran as historias escritas polo seu padriño. Deste xeito, temos xa dous narradores que irán dando paso a outros moitos.

A obra componse de catorce contos, algúns deles agrupados en series de tres relatos. Os temas e as técnicas narrativas son similares ás da obra anterior, aínda que en *Terra brava* haberá un maior gusto pola digresión e a inclusión de información etnográfica, económica e sobre distintos aspectos do medio rural galego. Con todo, seguirá habendo contos de misterio, lendas populares e, mesmo, relatos detectivescos como o titulado «Por us pelos».

Os seguintes libros de relatos de Fole, *Contos da néboa* (1973) e *Historias que ninguén cre* (1981), presentan a novidade de estaren ambientados no medio urbano. O autor deixa as montañas do Courel e do Incio e céntrase en escenarios cidadáns ou vilegos para conformar dúas coleccións de contos en que se inclúen historias xa publicadas antes en distintos medios. Nelas volven estar presentes o humor, o misterio e a fantasía característicos do medio rural.

### 2.3 Álvaro Cunqueiro

Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911-Vigo, 1980) é un dos autores fundamentais das nosas letras. Cultivou os tres grandes xéneros (narrativa, poesía, teatro) e destacou en todos eles. A súa contribución á narrativa galega é importantísima, tanto pola calidade da súa prosa coma pola difusión e repercusión das súas obras.

Antes da guerra, Cunqueiro destacou como poeta vanguardista. Foi despois da contenda cando comezou a súa produción narrativa. No ano 1947, logo de desenvolver unha importante actividade xornalística en Madrid,



regresou á súa vila natal. A partir desta data, e animado polo seu amigo Fernández del Riego, integrouse no proxecto cultural galeguista de Galaxia e comezou a escribir as súas obras narrativas en galego.

### Características da narrativa de Cunqueiro

Posuidor dun estilo propio, o autor mindoniense construíu nas súas obras un mundo literario moi persoal do que destacaremos as seguintes características:

- Mestura do real co fantástico. Cunqueiro parte dun marco realista no que irrompen a miúdo o fantástico e o extraordinario. Preséntanos unha realidade poboada de personaxes populares e normais que conviven con outros que proveñen do mundo mítico ou literario como Merlín, Sinbad e a raíña Xenebra.
- Presenza do humor e da ironía. O autor emprega estes recursos para distanciarse da solemnidade da materia narrada e humanizar deste xeito os mitos que reinterpreta.
- Lirismo presente nas súas descrições da paisaxe e na evocación de lugares e tempos pasados. A súa prosa está poboada de imaxes, referencias sensoriais e un preciosismo estético que a achega á poesía.
- Influencia da narración oral. O conto tradicional está na base do estilo de Cunqueiro. Do xeito de contar popular tomará o gusto pola digresión e pola variedade de narradores que van dando paso uns a outros e van creando unha estrutura complexa na que as historias se mesturan coas anécdotas e se desvían do asunto principal.
- O reflexo do paso do tempo. Detrás de toda a narrativa de Cunqueiro atópase a preocupación polo trans-

curso do tempo e o seu fluír imparabile, o que provoca na voz narradora un sentimento de melancolía.

- Intertextualidade. A súa literatura está inzada de referencias a outros textos literarios de moi variadas tradicións: clásica, anglosaxoa, oriental...

### Narrativa longa

Cunqueiro publicou tres libros narrativos que adoitan ser clasificados como novelas, aínda que este concepto non sexa o máis exacto para estas obras. En realidade o que lles dá unidade é a presenza dalgúns personaxes e o espazo en que conflúen. A partir de aí, o que atopamos son unha serie de episodios independentes que se van acumulando ata conformar un conxunto máis ou menos unitario.

- **Merlín e familia** (1955). Nesta obra aparece o mago Merlín, coñecido personaxe da materia de Bretaña, vivindo na terra luguesa de Miranda acompañado da raíña Xenebra e dun grupo de criados entre os que destaca Felipe de Amancia, narrador-testemuña principal dos prodixios que presencia na casa do mago. Estes personaxes e o contorno xeográfico son os que dan unidade á obra. Á casa de Merlín acoden outros moitos personaxes na procura da axuda que lles poidan proporcionar as artes máxicas do mago artúrico. Deste xeito, as historias van encadeándose sempre cun mesmo esquema: visita, exposición do problema, resolución do caso.
- **As crónicas do sochantre** (1956) está ambientada na Bretaña francesa e presenta temas macabros tratados de xeito humorístico. Un sochantre (eclesiástico que dirixe un coro relixioso) encamiñase a un enterro cando é secuestrado por unha carruaxe na que viaxan cinco peculiares personaxes, todos defuntos. Despois de que cada un deles refira a súa historia, a comitiva realizará unha viaxe por terras bretoas, durante a cal mesmo terán que representar a obra «Función de Romeo e Xulieta, famosos namorados». Ao remate da viaxe, o sochantre regresa á casa e constata que ningún o botou en falta nos tres anos que estivo ausente. Esta obra está narrada en terceira persoa e posúe maior coherencia estrutural ca a anterior. Ademais, o marco temporal está máis restrinxido –sitúase a finais do século XVIII– e non aparecen personaxes de épocas moi afastadas na historia.
- **Se o vello Sinbad volve á illas** (1961) é a obra cunqueiriana que máis se achega ao concepto moderno de novela. Aparece un personaxe protagonista principal (Sinbad, o mítico mariñeiro de *As mil e unha noites*), ten unha estrutura máis compacta e unha trama novelesca encamiñada a un final. De todos os xeitos, non aparece un marco temporal localizado: a narración sitúase nun tempo mítico, non histórico.

Na obra aparece o mariñeiro Sinbad, que debece por volver ao mar, está xa retirado e vivindo de contar as fazañas pasadas. Cando lle chega unha oferta do farfistán de Basora para capitanear a nave «Venadita», non dubida en volver navegar para conseguir o seu soño. Mais todo resulta ser mentira e Sinbad abre os ollos á verdadeira realidade, o que, simbolicamente, lle provoca a cegueira e a perda da razón.


### Narrativa breve

Cunqueiro escribiu tres obras integradas por relatos curtos que tamén teñen sido denominados *semblanzas*. Caracterízanse por recolleren tipos humanos peculiares inspirados no mundo popular galego. O autor retrátaos cunha grande tenrura e sentido do humor. A pesar de que se adoita considerar esta parte da súa produción como máis realista, a fantasía e a imaxinación seguen estando moi presentes.

*Escola de menciñeiros* (1960) consta de tres partes. A primeira responde ao título que leva o libro e fai retratos de personaxes que teñen en común o seu labor de menciñeiros ou curandeiros. A segunda parte, «Novidades do mundo e fauna máxica», consiste nunha especie de bestiario composto por animais fantásticos que polo seu comportamento emparentan cos trasnos da cultura popular. A última parte, «Fábula de varia xente», está integrada por retratos de varios personaxes. Esta última sección é a que máis semellanzas posúe cos dous libros de narracións breves seguintes: *Xente de aquí e de acolá* (1971) e *Os outros feirantes* (1979).

### 2.4 Eduardo Blanco Amor

Naceu en Ourense en 1897, e alí fixo as súas primeiras achegas ao xornalismo e á literatura. Sendo un mozo emigrou á Arxentina, onde desenvolveu un importante labor como xornalista en medios como o xornal *Galicia* e a revista *Céltiga*.



Eduardo Blanco Amor.

Como correspondente do diario arxentino *La Nación*, realizou varias viaxes pola Península Ibérica na década de 1920. Aproveitou esta circunstancia para manter contactos co nacionalismo das Irmandades e para coñecer os poetas españois da Xeración do 27. Fixo amizade con García Lorca e este feito resultaría decisivo para a xestación dos *Seis poemas galegos* do autor granadino.

Durante a Guerra Civil apoiou a causa republicana e galeguista, que seguiu defendendo despois da contenda ao sumarse ao grupo de galeguistas do exilio. Volveu definitivamente a Galicia en 1965 e residiu entre Ourense e Vigo. Seguiu escribindo e colaborando en prensa deica a súa morte en 1979.

### Obra narrativa

Aínda que antes da Guerra Civil escribiu fundamentalmente poesía de carácter vangardista, xa nesta época realizou ensaios narrativos tanto en galego coma en castelán. O seu primeiro relato en galego «Os nonnatos» data de 1927 e en 1933 publicou na revista *Nós* os tres primeiros capítulos da novela *A escadeira de Jacob*.

Na súa narrativa distínguense certos elementos recorrentes presentes nos seus relatos en galego e nas novelas en castelán, entre as que destacan *La catedral y el niño* (1948) e *Los miedos* (1963): os temas realistas, o interese polo mundo da infancia e a ambientación urbana, nomeadamente na cidade de Auria (trasunto de Ourense). Ademais, asimila as técnicas narrativas máis innovadoras xurdidas na primeira metade do século XX.

- **A esmorga** (1959). Publicada en Bos Aires tras ser vetada en Galicia pola censura franquista, trátase dunha novela innovadora, tanto temática coma tecnicamente, que influíu en toda a literatura galega posterior.

A novela comeza cun apartado titulado «Documentación» no que un autor-editor vai explicando as súas investigacións sobre uns feitos trágicos ocorridos na cidade décadas atrás. El mesmo se encarga de sementar dúbidas sobre os testemuños que vai recollendo. Despois deste apartado, comeza a novela en si, que consiste na declaración xudicial en primeira persoa dun dos implicados nos feitos: Cibrán «O Castizo». O acusado constrúe un relato dos feitos que busca demostrar a súa inocencia perante un xuíz do cal non se transcriben as preguntas, aínda que se deducen perfectamente polas respostas do interrogado. A través do discurso de Cibrán vanse revelando pouco a pouco os acontecementos que provocaron a súa detención.

Cibrán, Juan Fariña «Bocas» e Eladio Vilarchao «Milhomes» son os protagonistas da novela. Integrantes das clases traballadoras máis desfavorecidas, percorren durante vinte e catro horas os ambientes suburbanos e marxinais da cidade de Auria nunha descontrolada xolda que remata de xeito trágico.



Blanco Amor ambienta as dúas novelas máis importantes na cidade de Ourense. Na imaxe, a rúa do Paseo.

Cada un dos personaxes principais posúe un perfil moi diferente. Cibrán é o máis complexo e non chegamos a saber se a súa inocencia é real ou se simplemente procura eludir a súa responsabilidade para saír absolto. Ademais, padece unha enfermidade, que el chama «o pensamento» (quizais unha doenza mental que actúa como a manifestación da súa conciencia), que lle produce crises e perda de control. O Bocas é un personaxe violento e dominante, presa dun conflito interno pola atracción non recoñecida que sente cara ao Milhomes. Este, pola súa parte, é o personaxe que mostra unha personalidade máis transparente: é un xastre homosexual que adora ao Bocas e busca obter a calquera prezo as súas atencións.

Entre outros aspectos, a riqueza da obra reside na pluralidade de interpretacións posibles. Ao principio, a obra foi interpretada dun xeito superficial simplemente como unha novela tremendista e naturalista. Pero en realidade n' *A esmorga* temos dous mundos enfrontados, que se rexen por códigos e normas diferentes e que non é doado que se entendan, pois mesmo falan distintos idiomas. Revélase unha realidade social abafante e brutal que se pode considerar como unha metáfora da situación da Galicia de posguerra, marxinada e alienada, que depende duns poderes públicos foráneos e opresores. O propio Cibrán déixao claro desde o inicio da súa declaración:

—

—Non señor, non lle foi así como está nese papel que leron, que os papeis teñen conta do que lle poñen enriba, anque non foi moito o que entendín. Aquí, o señor, bulía moito a ler en castelán, que aquí non o falamos; [...] Nin do escomezo das cousas, nin do que veu despois nin do remate, ninguén sabe nada porque ninguén viu nada, ou se o viron non repararon, que unha cousa é ver e outra reparar.

O conflito xurdiría, pois, entre un pobo colonizado, oprimido (o galego) e o colonizador (o castelán); pero tamén entre a sociedade burguesa e a sociedade popular dos baixos fondos, que se rexe por códigos e costumes diferentes: as leis da sociedade oficial non servirían para xulgar a realidade soterrada dos marxinados.

A obra tamén pode ser lida como unha traxedia protagonizada por personaxes saídos do máis baixo estrato social, desesperados, condenados ao fracaso. En todo o texto están implícitos o fatalismo e a atmosfera abafante. O alcohol, o clima adverso, as doenzas físicas e psíquicas, a violencia... contribúen a levar os protagonistas a un destino do que non poden fuxir.

- **Os biosbardos** (1962). Trátase dunha colección de contos narrados en primeira persoa por protagonistas infantís ou adolescentes. De novo están ambientados en Auria e discorren nas primeiras décadas do século XX. Estes relatos constitúen unha indagación na mentalidade infantil, nas ilusións e sentimentos dos mozos, e configuran unha especie de crónica da súa aprendizaxe vital. Coa lectura destes contos asistimos a distintas experiencias propias da idade dos protagonistas, como o esperar sexual, a incompreensión por parte dos maiores, o desafío ás normas... Os mozos que aparecen nos relatos pertencen a unha burguesía urbana empobrecida e procuran a súa identidade entre os distintos ambientes sociais.

Tense destacado en moitas ocasións a posibilidade de que algúns relatos teñan orixe autobiográfica; isto é debido á coincidencia de certas características dos protagonistas con elementos da infancia do propio Blanco Amor: a ausencia do pai ou a influencia negativa deste, a vivencia da emigración, as necesidades económicas...

- **Xente ao lonxe** (1972) é a derradeira novela do autor ambientada en Auria (aquí referida simplemente como A.). Nela móstrárenos a historia dunha familia, os Vilar, na que o pai traballa no sector da imprenta e está implicado na loita sindical polas súas ideas socialistas. Asistimos á evolución persoal dos membros do grupo familiar, en especial de Suso (o narrador principal, un neno cando comeza a novela) e a súa irmá Evanxelina, moza adolescente que tamén participa no activismo social.

A través da historia dos Vilar contemplamos tamén a loita polas liberdades do proletariado urbano de principios do século XX e, en xeral, unha visión da sociedade da época. Na obra vaise facendo referencia a episodios históricos reais (entre eles a matanza de campesiños en Oseira no ano 1909) que nos serven para caracterizar a loita obreira nun período complexo:

*A verdade era o cansacio do pobo, farto de tanta incuria, de tanto cínico abandono, a unha ducia de anos do desastre colonial. A inestñable sangría da Guerra de Marrocos; as condicións miserentas do traballo, «otorgado» como unha «bendición de Dios»; os pobos baleirándose pola emigración negreira ás Américas...*

Pero *Xente ao lonxe* tamén é unha novela de iniciación, de aprendizaxe. O narrador principal, o Suso, vains relatando a súa evolución desde a puberdade ata o día en que fai dezaioito anos. Ao final da obra o Suso alcanza a madurez (perde a virxindade) ao mesmo tempo que o movemento obreiro se consolida (celebrase o 1 de maio). Tamén asistimos á brusca entrada na idade adulta da súa irmá Evanxelina, que queda embarazada dun compañeiro do sindicato que a abandona, a ela e ao fillo.

A narración péchase cun final aberto que nos mostra a desgraza do matrimonio Vilar no cárcere, pero os seus fillos participan nos actos 1.º de maio e representan a esperanza no triunfo do movemento obreiro.

*Xente ao lonxe* é a obra máis ambiciosa e complexa do autor. Atopamos varias perspectivas narrativas, varios narradores que nos dan conta dunha realidade complexa. Suso é o narrador-protagonista principal, mais tamén aparecen outros narradores como Evanxelina, da que se transcriben dúas cartas, ou outros narradores-testemuña que non son doadamente identificables. Tamén aparecen escenas nas que desaparece o narrador e asistimos directamente ao diálogo de personaxes, ao xeito cinematográfico.

## 2.5 Xosé Neira Vilas

Naceu en 1928 en Vila de Cruces, Pontevedra, no seo dunha familia labrega e criouse no medio rural que logo tan ben reflectiría nas súas obras. Comezou a traballar desde moi novo e en 1949 emigrou á Arxentina. Alí tomou contacto cos intelectuais galeguistas do exilio e da



Neira Vilas e a súa dona Anisia Miranda.

emigración e completou unha formación autodidacta. En Bos Aires desenvolveu un grande número de actividades e mesmo fundou, coa súa dona Anisia Miranda, a editorial Follas Novas.

Na década de 1960 instalouse en Cuba e tomou contacto coa revolución, que estaba en plena efervescencia na illa. Desempeñou distintos traballos na administración cubana e continuou a desenvolver iniciativas para a promoción da cultura galega.

Logo de viaxar a Galicia en 1972, visitou o noso país máis a miúdo e a partir de 1994 instalouse definitivamente na súa aldea natal.

A produción literaria de Neira Vilas é extensísima. Aínda que destaca como narrador, tamén cultivou a poesía, a literatura infantil e xuvenil, escribiu obras de investigación sobre a emigración galega a América, fixo traducións, etc.

### Obra narrativa

A súa é unha escrita plenamente encadrada na narrativa realista. Neira Vilas céntrase en describir dous mundos que coñece ben: o mundo rural galego e a Galicia da emigración.

*Memorias dun neno labrego* (1961) é a súa primeira obra e un auténtico fito na historia das letras galegas debido á aceptación que tivo entre os lectores. Narra a vida da aldea galega da posguerra desde o punto de vista dun neno; a través dos seus ollos asistimos ás diversións, aos traballos, aos primeiros amores... e tamén á miseria e aos abusos dos poderosos. O fillo do cacique da aldea terá un enfrontamento co protagonista, do que sae ferido. Isto provoca que o pai de Balbino –debido

ao servilismo que ten cara ao cacique–, reaccione brutalmente co seu fillo, o que provoca que este abandone a casa paterna.

Cunha intención claramente crítica, móstranos a miseria da sociedade rural desde a óptica dun neno. Balbino non atopa máis ca obstáculos para o seu desenvolvemento como persoa; as inxustizas que sofre por parte dos poderosos, pero tamén do seu propio pai, non lle deixan outra saída que a emigración.

A obra está estruturada en breves capítulos que conforman unidades narrativas completas, de xeito que en moitos casos poderían intercambiarse sen que se alterase o sentido do conxunto.

Outras obras de ambientación rural e protagonista infantil son *Cartas a Lelo* (1971) e *Aqueles anos do Moncho* (1977). A primeira delas retoma un personaxe que xa aparecía en *Memorias dun neno labrego*, e esta non é a única semellanza con esta obra; a acción vaise desenvolvendo a través de cartas que funcionan tamén como unidades autónomas de sentido. A segunda presenta un narrador en terceira persoa e unha estrutura máis compacta, que se centra no proceso de maduración ideolóxica do protagonista.

Outro núcleo fundamental da súa obra é o conformado por títulos como *Xente no rodicio* (1965), *A muller de ferro* (1969) e *Querido Tomás* (1980). Estas obras céntranse tamén no mundo campesiño, pero visto desde o punto de vista do adulto; analizan a realidade mísera do agro galego condenado á alienación, á violencia e á autodestrución. Os dous primeiros son libros de relatos que debuxan un ambiente aldeán opresivo e violento, próximo a un clima existencialista de pesadelo. En *A muller de ferro* mesmo se dá entrada a elementos simbólicos, especialmente nun grupo de relatos protagonizados por animais.

*Querido Tomás* é unha novela rural de protagonista adulto, na que a emigración xa ten un papel decisivo. A protagonista é unha mestra que, xa nas portas da vellez, rememora o seu amor con Tomás nos tempos de mocidade na posguerra. A narración discorre a través dun longo monólogo en que se van alternando o presente e o pasado. A emigración adquire nesta obra tons negativos, pois destrúe a vida da protagonista cando Tomás se ve na obriga de marchar.

Outro núcleo da narrativa do noso autor constitúeno as obras que tratan a emigración: *Camiño bretemoso* (1967), *Historias de emigrantes* (1968), *Remuíño de sombras* (1973), *Tempo novo* (1987), *Un home de pau* (1999) e *Relatos mariñeiros* (2003). O espazo destas obras trasládase a América e xa aparecen ambientacións urbanas. Abordan dun xeito directo os problemas de adaptación dos emigrantes galegos en terras americanas, a nostalgia, o éxito e o fracaso. *Camiño bretemoso* é o relato dun vello emigrante que se dirixe a un interlocutor do que



non se transcriben as intervencións. *Historias de emigrantes* reúne contos que falan das penurias dos emigrantes no proceso de adaptación ás novas terras. *Relatos mariñeiros* céntrase en anécdotas relacionadas co mar nas que os protagonistas adoitan ser emigrantes.

Por último, mencionaremos a triloxía composta por *Lar* (1973), *Nai* (1980) e *Pan* (1986), obras integradas por textos moi breves e de gran carga poética.

### 3 O ensaio da posguerra

Un dos obxectivos de Galaxia desde a súa fundación foi o cultivo de xéneros pouco desenvolvidos na historia da nosa literatura. Esta foi unha das principais razóns de que os persoeiros que puxeron en marcha a editorial se dedicasen ao ensaio cun interese normalizador, para consolidar a lingua galega en usos escritos que xa o Grupo Nós comezara a desenvolver.

Para a recuperación do xénero ensaístico foi importante habilitar canles para difundir este tipo de escritos. Conscientes desta necesidade, os homes de Galaxia crearon a revista *Grial*.

- **Ramón Piñeiro** (1915-1990), natural de Lancara (Lugo), foi fundador das Mocidades Galeguistas no Lugo da preguerra e participou na reorganización do galeguismo na posguerra. Despois de pasar tres anos no cárcere, trasladouse a Santiago de Compostela a finais da década de 1940 coa intención de levar a cabo un proxecto de resistencia cultural ao réxime franquista. Converteuse no persoeiro fundamental do Grupo Galaxia, no encargado de atraer os máis novos para a causa galeguista. Máis tarde, despois da morte de Franco, actuou como guieiro da nova clase política cara a posicións galeguistas.

O tema central da súa obra ensaística é a saudade. Tratou este tema desde o punto de vista filosófico e con grande rigor. Escribiu varios artigos e estudos so-

bre a saudade en galego e castelán, como «Significado metafísico da saudade» (1951), «Para unha filosofía da saudade» (1953) e «A saudade en Rosalía» (1952), que foron reunidos máis tarde xunto con outros dos mesmos temas no libro *Filosofía da saudade* (1984).

Outra obra destacable é *A linguaxe e as linguas* (1967), que é o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega; consiste nunha exposición razoada sobre o valor da lingua como base da personalidade diferencial dun pobo.

- **Celestino Fernández de la Vega** (1914-1986). Este autor lugués destaca sobre todo no eido ensaístico debido a unha obra fundamental: *O segredo do humor* (1963). Fernández de la Vega considera o humor como algo central na nosa identidade e fai unha análise do valor do humorismo como un elemento de resposta a situacións de conflito. Define a Castela como a figura emblemática do humorismo galego.

Xunto con Piñeiro, traduciu ao galego do orixinal alemán o texto *Da esencia da verdade*, de Martin Heidegger, un dos filósofos máis influentes no Grupo Galaxia.

- **Xoán Rof Carballo** (1905-1994) era médico e desenvolveu unha importante tarefa investigadora no eido da súa profesión. Na súa obra *Mito e realidade da terra nai* (1957) figuran, ademais do ensaio que lle dá título, outros entre os que destaca «Encol da Santa Compañía», no cal fai unha reflexión sobre a morte e sobre as orixes da súa representación como unha procesión. Tamén fai unha análise do concepto de saudade.
- **Domingo García Sabell** (1909-2003) era tamén médico e recompilou os seus principais escritos ensaísticos –entre os que destaca «Análise existencial do home galego enfermo e outros ensaios»– en dous volumes: *Ensaíos I* (1963) e *Ensaíos II* (1976). Ao final da súa vida publicou o ensaio *Paseata arredor da morte* (2002).

